

INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL Nº 4, DO 18 DE NOVEMBRO DE 2011 SOBRE REVISIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE GRAO OU MASTER

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións finais na súa presenza, nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios.

O artigo 8.5 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 sinala que os estudantes avaliados por tribunal terán dereito á revisión das súas cualificacións ante o mesmo.

Xurdindo dúbidas sobre a aplicación da Normativa da USC de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións para a revisión das cualificacións dos Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Máster (TFM), procede ditar a seguinte

INSTRUCCIÓN

1.- Os Centros ou Comisións Académicas deberán establecer as datas para a defensa dos TFG e TFM, así como as datas de revisión das cualificacións.


2.- As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

3.- A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

4.- De conformidade co artigo 9 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificación*, contra a cualificación outorgada o alumnado poderá interpoñer reclamación motivada dirixida ao decano, director do centro ou comisión académica, no prazo de 10 días hábiles dende que se produciu a revisión. Para poder exercer este dereito é necesario que o alumno/a teña acudido previamente ao proceso de revisión do exame. A estes efectos o mes de agosto tamén será inhábil.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2011

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro

SRES DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS/SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA/SERVIZO DE XESTION DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA/ OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA/OFFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS/UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.